

Angel-Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

CERTIFICO: que a Corporación Municipal en Pleno deste Concello, na sesión extraordinaria e urxente do día VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE, en relación coa “PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APOIO AOS SECTORES PESQUEIRO E MARISQUEIRO E DE ADHESIÓN AS REIVINDICACIÓNS EN CONTRA DO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN (PRUX) DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA” adoptou por unanimidade dos membros de dereito da Corporación o acordo cuxa parte dispositiva se transcribe:

“””””**PRIMEIRO:** apoiar aos sectores pesqueiro e marisqueiro, sumándose nas súas reivindicacións en contra do PRUX (Plan Reitor de Uso e Xestión) das Illas Atlánticas de Galicia.

SEGUNDO: trasladar este acordo á cidadanía en xeral para que amose o seu apoio, coa intención de acadar o maior número de adhesións ás protestas do sector pesqueiro e marisqueiro.

TERCEIRO: trasladar este acordo aos organismos e institucións competentes para que teñan en consideración as demandas do sector e accedan a paralizar o PRUX, ata que exista un consenso total coas entidades representativas do sector pesqueiro profesional.

CUARTO: levar a cabo a máxima difusión posible deste acordo, co obxecto de dalo a coñecer ante a opinión pública. ”””””-----

E para que conste, coa salvidade do art. 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, asino este certificado.

Sanxenxo, 08 de novembro de 2011.



Handwritten signature in blue ink over a circular official stamp of the Concello de Sanxenxo. The stamp contains the text 'ILMO. CONCELLO DE SANXENXO' and 'SECRETARÍA XERAL'.



Official circular stamp of the Concello de Sanxenxo. The text around the perimeter reads 'ILMO. CONCELLO DE SANXENXO' and 'SECRETARÍA XERAL'. The center features a coat of arms.

**Vº e pr.
A alcaldesa**



Handwritten signature in blue ink over the official stamp of the Concello de Sanxenxo.